



VACAS

As vacas son, teñen sido e serán o animal emblemático do país galego. Así o viron numerosos artistas, pensadores, intelectuais e mesmo economistas do noso país.

Co proxecto **VACAS** trátase de que os estudantes entendan o porqué da importancia deste animal no noso país. O proxecto consta de diversas actividades centradas neste animal, cada unha delas con diferentes enfoques, que culminan nunha exposición na que se mostra todo o aprendido.

A exposición instalouse no vestíbulo do centro para que toda a comunidade educativa puidese compartir esta experiencia e saber máis acerca das nosas vacas.

Rematado este proxecto no CPI O Cruce, a exposición viaxou ata o concello de Culleredo, onde no colexio Andaina van continualo con outras actividades que logo á súa vez compartirán con nós. Terán retorno.

CIENCIAS SOCIAIS

Os alumnos asistiron a unha charla impartida por unha veterinaria que lles explicou a situación do sector leiteiro no noso país, así coma un pouco da historia e os condicionantes que o levaron a esta situación. A profesora preparou a charla cos alumnos para que souberan sacarlle o máximo aproveitamento, máxime cando algún dos rapaces ten á súa familia implicada directamente no tema.

PLÁSTICA



Os rapaces debuxaron e pintaron por equipos varios exemplos de cada unha das razas autóctonas de vacas galegas: Limiesa, vianesa, cachena, freiresa e sobre todo a rubia galega, coas que compuxeron unha exposición no vestíbulo do centro

LINGUA GALEGA

Os alumnos leron algúns textos que dalgunha maneira facían referencia á importancia deste animal na literatura galega, tanto na poesía como nos relatos de autores entre os que estaban Rosalía ou Manuel María, ao que precisamente se lle concedeu o Día das Letras Galegas do ano 2016.

XEOGRAFÍA

Os alumnos buscaron onde estaban as comarcas propias de cada raza autóctona e compuxeron un mural sobre un mapa de Galicia no que pegaron fotografías de diversos exemplares colocados sobre as áreas dos que son propios.

ARTE

Coa axuda das profesoras, os alumnos rastrearon diferentes manifestacións culturais que tiveran a vaca como protagonista, desde o deseño ata a pintura, a escultura ou o cine. Con eses exemplos compuxeron carteis que ilustraron de forma moi extensiva a presenza da vaca nos diferentes aspectos da cultura galega.



EXPOSICIÓN



